

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de xuño de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación da petición de silencio administrativo positivo na solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural de San Vicente de Coeo, parroquia de San Vicente.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición e nova construción de edificio sito na rúa Papoula, número 10; para ampliación de edificio na praza Aviador Parga Cerezo, parcelas 3 e 4, U.a. CS-7 e para reforma de fachada nas plantas altas do edificio con licenza número 901/09, por ampliación dunha galería, na rúa Armórica, números 47-49 e 51.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación da relación de postos de traballo e das condicións laborais dos empregados da Banda Municipal.

Tamén se acorda a modificación do punto 2 da parte dispositiva do acordo número 15/670, adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 9 de xullo de 2008.

Así mesmo, acordase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo e a aprobación da forma de compensación.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg26.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-6-2012

Tamén se acorda o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por persoal do Alumeado público-Zona Rural o día 12 de xuño de 2012 e a aprobación da forma de compensación.

3. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a encomenda de xestión a Evislusa do traballo de colaboración cos servizos municipais, e coordinación destes, no estudo e informe dos recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra a orde do 29 de abril de 2011 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, sobre aprobación definitiva, de forma parcial, do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa adxudicataria da contratación do servizo da rede corporativa de comunicacións de voz de datos deste Concello, polo prazo dun ano, contado dende o 09/03/2012 ou prazo inferior ata a adxudicación da nova contratación.

Así mesmo, acordas ea aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación das obras de urbanización da praza de Porta Miñá. Actuación incluída no Proxecto Urban (iniciativa urbana) co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) (Proxecto 11UR3106 Urban. Praza Porta Miñá) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de pezas de vestiario de uniforme para a Policía Local do Concello de Lugo do ano 2012 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Do mesmo xeito, acordase a cesión da parcela e instalacións do antigo matadoiro municipal situadas na parroquia de San Xoán de Pena á Fundación "Rof Codina.

5. FACENDA LOCAL.-15. licenzas urbanísticas: rectificación da liquidación aprobada pola xunta de goberno local, con data do 6 de xuño de 2012, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 136,84 €, pola reforma integral de local de planta baixa no edificio sito na rúa san marcos, 29.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Solicitud de informe ao Servizo de Arquitectura sobre a interpretación de cara á autorización de comunicacións entre naves, no Polígono Industrial do Ceao, como consecuencia do informe emitido pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no procedemento abreviado 3761/2010.
- Establecemento de criterios relativos á instalación de terrazas na vía pública.
- Prórroga da contratación da subministración de material deportivo aos participantes na carreira “Corre con nós” -2012- mediante a entrega de vales correspondentes ao lote 1 – material deportivo para escolares.
- Petición de informe aos servizos de cooperación da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sobre a disposición transitoria primeira do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, e a súa relación co actual Plan Xeral Municipal deste Concello.

Lugo, 5 de xullo de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García